



BANDO

Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa do Concello de Vimianzo,

FAI SABER:

Á VECIÑANZA, que a consellería de sanidade publicou no Diario Oficial de Galicia núm.220, de hoxe 31/10/2020, a Orde do 30 de outubro de 2020, pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vimianzo.

As medidas dictadas na antedita Orde **son complementarias** ás previstas no **Decreto** 178/2020, do 30 de outubro, da presidencia da Xunta de Galicia, polo que:

1º) **LIMÍTASE a entrada e saída de persoas** no ámbito territorial do concello de **Vimianzo**, agás as excepcións que figuran no citado decreto e foron indicadas no bando da alcaldía de 30/10/2020.

2º) **LIMÍTASE a permanencia de grupos de persoas en espazos públicos** (pechados e ao aire libre) ou **privados** no ámbito territorial do concello de **Vimianzo**, quedando limitada aos **grupos** constituídos **só por persoas convivintes**, agás as excepcións que figuran no citado decreto e foron indicadas no bando da alcaldía de 30/10/2020.

3º) **NON** existe ningunha **restrición á circulación en tránsito** a través do ámbito territorial do concello de Vimianzo.

4º) Indícanse algunhas das **medidas** de prevención específicas para o concello de Vimianzo e **complementarias ás anteriores**, que foron publicadas no Diario Oficial de Galicia de hoxe, onde se poden consultar máis polo miúdo:

1. Establecementos de hostalería e restauración:

-Restaurantes:

- Non poderán superar o **50% da súa capacidade** na **zona de comedor** para **servizo de comida**.
- O consumo **dentro do local**: só **sentado** na **mesa** mantendo **distancia de seguridade** entre clientes.
- **Non** se permite **consumo en barra** e na **zona de cafetería ou bar**.
- **As terrazas o aire libre non poderán superar o 50% da das mesas permitidas**. Ditas terrazas non serán cubertas ou estando cubertas estarán rodeadas por un máximo de dous laterais.
- Manterase a **distancia de seguridade** interpersoal **entre as mesas**, cunha ocupación máxima de **cinco persoas/mesa** ou agrupación delas, sendo **convivintes**.

-Bares e cafeterías:

- **Non** se poderá consumir **no interior** do local.
- **As terrazas o aire libre non poderán superar o 50% da das mesas permitidas**. Ditas terrazas non serán cubertas ou estando cubertas estarán rodeadas por un máximo de dous laterais.



BANDO

- Manterase a **distancia de seguridade** interpersoal entre as **mesas**, cunha ocupación máxima de **cinco persoas/ mesa** ou agrupación delas, sendo **convivintes**.

2. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación e actividade formativa xestionada ou financiada pola Administración autonómica en centros de entidades de formación:

A actividade poderá ser **presencial** cunha capacidade do **50 % respecto da máxima permitida**.

3. Actividades e instalacións deportivas:

- Permítese a actividade física e deportiva non federada ao aire libre (individual ou colectiva sen contacto físico, sendo convivintes sen contar o monitor).
- Instalacións e centros deportivos: permítese en grupos ata 5 persoas (convivintes ou non, sen contar monitor, sen contacto físico) e se non supera o 50% da capacidade máxima permitida. Con medidas de distancia de seguridade interpersoal.

4. Actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil:

- Permítese:
 - Ao aire libre, cun límite do 50 % da asistencia máxima habitual cun máximo de 50 participantes incluíndo monitores.
 - Espazos pechados: non se superará o 50% da capacidade máxima do recinto, cun máximo de 25 participantes, incluíndo monitores.
- As actividades faranse en grupos de ata 5 persoas (convivintes ou non, incluíndo monitores), sen contacto cos demais.

5. Limitación de locais ou establecementos comerciais

-Os locais ou establecementos comerciais para os que a orde non especifique condicións de capacidade, nin protocolos ou normativa específica, non poderá superar o 50 % da capacidade autorizada, cun máximo de 30 persoas en lugares pechados e 75 ao aire libre.

Excepcións: establecementos comerciais de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, servizos médicos ou sanitarios, ópticas, produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, salóns de peiteado, prensa e papelería, combustible para a automoción, estancos, equipamentos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio pola internet, telefónico ou correspondencia, tinturarías e lavanderías, sen prexuízo de cumprir as obrigas xerais previstas na orde e de hixiene protección.

-As actividades en grupo: máximo de 5 persoas (convivintes ou non, incluíndo monitores/guías ou encargados), con medidas de distancia de seguridade interpersoal, agás convivinte.

No non previsto no Decreto 178/2020, de 30 de outubro ou na orde do 30 de outubro de 2020 estarase no que sexa compatible con estas normas, ao establecido na Orde do 21 de outubro de 2020.



BANDO

5º) A **VIXENCIA** das medidas:

-As indicadas nos apartados 1º e 2º teñen **efectos** dende as **15:00 horas, do 30 de outubro de 2020**, e inicialmente por un período máximo de 7 días.

-As indicadas nos demais apartados teñen **efectos** dende as **00:00 horas do día 1 de novembro de 2020** e inicialmente por un período máximo de 14 días.

Ditas vixencias serán en función da evolución e avaliación das mesmas por parte dos organismos competentes.

6º) **LÉMBRASE** que están a disposición da veciñanza os seguintes números de teléfono para calquera cuestión:

Protección civil: 648240217

Policía local: 617484852

Servizos Sociais (atención 24 h): 604034557

O Concello de Vimianzo, solicita e agradece á veciñanza a máxima colaboración adoptando as medidas precisas para evitar a propagación do coronavirus.

A alcaldesa,
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)